



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2009 18:15
Nº Rexistro: 10496
Data envío: 13/10/2009 18:15:35.259

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e María do Carme Adán Villamarín, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á introdución da lingua galega nos restaurantes e cafeterías do noso país.

O Decreto 8/2007, do 10 de xaneiro, que modifica o Decreto 108/2006, do 15 de xuño, establece a ordenación turística dos restaurantes e cafeterías do noso país. Recóllense nesta norma, en plena vixencia, os requisitos e condicións mínimas que deben cumprir os restaurantes segundo a súa categoría. Ademais da regulación de servizos hixiénicos mínimos, do recoñecemento das casas de xantar, ofertas de servizos, etc., inclúense tamén aspectos relativos ao exercicio dos dereitos lingüísticos dos consumidores e consumidoras neste tipo de establecementos.

En concreto, e atendendo ao seu carácter cooficial, esta normativa inclúe, por fin, a incorporación da lingua galega (como mínimo, e conxuntamente co español), na carta de pratos e menús dos restaurantes de dous, tres, catro e cinco garfos.

Lamentablemente é posíbel comprobar como aínda en moitos dos establecementos non se lle dá cumprimento ao establecido no Decreto 8/2007 no referente ao uso do idioma propio de Galiza. Na maioría das ocasións como consecuencia dunha inercia histórica (que proscibía o galego) máis tamén da carencia de recursos modelos e asesoramento en materia lingüística.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cumpre, daquela, pór en marcha medidas de apoio a este sector que se traduzan no cumprimento da legalidade vixente, no respecto ao exercicio dos dereitos lingüísticos de consumidores e consumidoras, e na plena incorporación do galego a estes establecementos. É de pura xustiza.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Ten previsto a Xunta de Galiza pór en marcha medidas para o efectivo cumprimento do establecido no Decreto 8/2007 no referente á incorporación da lingua galega nos restaurantes e cafeterías existentes no noso país?

2.^a) En caso positivo, que medidas de apoio ao sector se porán en marcha, e en que prazo?

3.^a) Que outro tipo de accións se desenvolverán en defensa da lingua galega e dos dereitos lingüísticos nestes establecementos?


Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

María do Carme Adán Villamarín

Deputado e deputada do Grupo Parlamentar do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2009 18:15
Nº Rexistro: 10496
Data envío: 13/10/2009 18:15:35.259

Bieito Lobeira Domínguez na data 13/10/2009 18:14:02

María do Carme Adán Villamarín na data 13/10/2009 18:14:07